



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de febreiro de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día nove de febreiro de dous mil vinte e catro, en segunda convocatoria, e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(58).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(59).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E NÓMINAS. EXPTE. 10289/113.

Visto o informe xurídico do 31/01/2024 e o informe de fiscalización do 05/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 23/01/2024, asinado pola adxunta ao xefe

do Servizo de Administración Electrónica, o xefe do Servizo e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Legislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do servizo de mantemento da aplicación de Xestión de RRHH e Nóminas (expte. 9301-113), adjudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de marzo de 2021, á empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L., por un prezo total do mantemento estándar de 56.291,62 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 9.769,62 euros) e un prezo total de soporte técnico adicional de 47.311,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 8.211,00 euros).

O contrato formalizouse en data 22/04/2021, entrou en vigor o 23/04/2021 rematando o 22/04/2023.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/02/2023, autorízase a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, do 23/04/2023 ao 22/04/2024, por importe de 51.801,31 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 8.990,31 euros anuais).

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 17 de xaneiro de 2024, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 “Prazo de execución”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”.*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

- No apartado 4.C das FEC indícase: “*Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha*”.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2021 a 2023.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
“*O importe a aboar ao contratista en concepto de mantemento farase efectivo durante o primeiro semestre do exercicio, previa presentación da correspondente factura que será conformada polo responsable do contrato. O importe correspondente ás horas aboarase semestralmente, unha vez realizadas e verificadas polas persoas técnicas responsables dos servizos correspondentes.*”.
3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 51.801,31€, dos cales 8.990,31 corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias: 9207.2279902 (Mantemento Software) e 9340.2270602 (Adaptacións puntuais do GINPIX)

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	Mantemento estándar	9207.2279902	28.145,81 €
2024	Soporte técnico adicional	9340.2270602	23.655,50 €
Total			51.801,31 €

5. A empresa *SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo mantemento da aplicación de xestión de RRHH e nóminas.
A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. Consta no expediente notificación número 9247/2024 recibida pola empresa con data 18/01/2024 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iníciase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 17 de xaneiro de 2024, autorizando o inicio de este expediente da segunda prórroga do contrato.

8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a SEGUNDA PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RR.HH. E NÓMINAS (EXPTE 9301-113) polo período dun ano, do 23 de abril de 2024 ao 22 de abril de 2025, polo importe total de 51.801,31 € IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **51.801,31 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902 (Mantemento Software)	2024	4.884,81 €	23.261,00 €	28.145,81 €
9340.2270602 (Adaptacións puntuais do GINPIX)	2024	4.105,50 €	19.550,00 €	23.655,50 €
Total exercicio 2024		8.990,31 €	42.811,00 €	51.801,31 €

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(60).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DOS GALARDÓNS INSTITUCIONAIS “MEDALLA DE OURO DA CIDADE DE VIGO” E DA DISTINCIÓN HONORÍFICA “MEDALLA DE HONRA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 19832/101.

Visto o informe xurídico de data 23/01/2024 e o informe de fiscalización do 02/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 19/01/2024, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

I.- ANTECEDENTES

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello.
- b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

A Alcaldía, como superior órgano de goberno desta administración municipal, desenvolve diferentes actuacións institucionais, a Concellería delegada da Área de Xestión municipal encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía. O normal desenvolvemento destas atribucións de carácter institucional e protocolario implican a concesión de distincións honoríficas tales como:

➤ A Medalla de Ouro da cidade de Vigo, que ten a súa orixe no ano 1936, é o máximo galardón concedido por este Concello, e se entrega anualmente a persoas ou colectivos que destacan polos seus méritos ao servizo da cidade de Vigo, aprobado segundo o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981". (Expediente 15892- 101). A data da súa entrega faise coincidir có mes de celebración da Festa da Reconquista de Vigo, que conmemora o alzamento popular do ano 1809, polo que a cidade expulsou ao exercito francés.

➤ En canto a Medalla de Honra, o Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2018 adoptou o acordo de "Aprobar a creación dunha nova distinción honorífica do Concello de Vigo, que recibirá o nome de Distinción Honorífica "Cidade de Vigo", consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Estes recoñecementos considéranse un dos actos institucionais máis importantes deste Concello, e se realiza en atención ás competencias enriba sinaladas polo Servizo de Alcaldía, sendo necesario para ese fin, a adquisición dos galardóns da medallas de ouro da Cidade de Vigo e da distinción honorífica "Cidade de Vigo".

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal con data 17 de outubro de 2023.
- Memoria económica do contrato asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal con data 20 de outubro de 2023.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de decembro de 2023.

–Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 20 de decembro de 2023 redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía.

–Memoria xustificativa asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal con data 11 de xaneiro de 2024.

–Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa da Área do de Contratación e Novos Proxectos con data 19 de xaneiro de 2024.

II.- CONDICIÓN S DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato.

O presente contrato ten por obxecto o subministro dos galardóns honoríficos institucionais “Medalla de Ouro da Cidade de Vigo” e da Distinción honorífica “Medalla de honra Cidade de Vigo”.

Sendo o número de unidades as seguintes:

- Medallas de Ouro da cidade de Vigo: 2 unidades.
- Medallas de Honra de Cidade de Vigo: 2 unidades.

Se inclúe os traballos de ourivería, os metais necesarios para a elaboración das medallas (prata, ouro), pezas de esmalte e outros materiais (cordóns e casos), gravación das medallas e o transporte e entrega no Concello de Vigo.

II.2.- Xustificación da necesidade.

Os recoñecementos “Medalla de Ouro da Cidade de Vigo” e da distinción honorífica “Medalla de honra cidade de Vigo”, considéranse uns os actos institucionais máis importantes deste Concello, e se realiza en atención ás competencias enriba sinaladas polo Servizo de Alcaldía, sendo necesario para ese fin, a adquisición dos galardóns da medallas de ouro da Cidade de Vigo e da distinción honorífica “Cidade de Vigo”.

A Medalla de Ouro da cidade de Vigo, que ten a súa orixe no ano 1936, é o máximo galardón concedido por este Concello, e se entrega anualmente a persoas ou colectivos que destacan polos seus méritos ao servizo da cidade de Vigo, aprobado segundo o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981”. (Expediente 15892-101).

A data da súa entrega faise coincidir có mes de celebración da Festa da Reconquista de Vigo, que conmemora o alzamento popular do ano 1809, polo que a cidade expulsou ao exercito francés.

En canto a Medalla de Honra, o Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2018 adoptou o acordo de “Aprobar a creación dunha nova distinción honorífica do Concello de Vigo, que recibirá o nome de Distinción Honorífica “Cidade de Vigo”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

II.3.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

O contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato privado de subministro, de acordo co previsto nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público.

➤ Procedemento

O contrato adjudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, Joyería Ramón Fernández, S.A. (A-36659746) xa que ten os cuños orixinais da medalla de ouro da cidade e son responsables do deseño da Medalla de ouro da cidade e da Distinción Honorífica Cidade de Vigo. (Achégase documento de declaración asinado por Verónica Cuiñas Gomez) no trámite nº 13 da xestión do expediente.

➤ Forma de tramitación:

Ordinaria. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

➤ O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes: 18513200-0 artigos de ourivería de ouro; 18513000-8 artigos de xoiería.

En relación aos criterios que se terán en consideración para adjudicar o contrato atenderase a un único criterio. Por tratarse dun expediente de exclusividade e tendo en conta de que existe un único contratista, o único factor determinante da adjudicación será o prezo.

II.4.- Prezo e valor do contrato.

➤ Orzamento base de licitación

O orzamento máximo de licitación é de **12.061,16 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de ive **2.093,26 €**

Prezo con ive: **12.061,16 € €**

Prezo sen ive: **9.967,90 €**

Importe 21% ive: **2.093,26 €**

Sendo os prezos unitarios os seguintes:

5.1.a) Prezos unitarios da Medalla de Ouro da Cidade: **5.569,69 (ive incluído)**

5.1.b) Prezo unitario Medalla de Honra Cidade de Vigo: **460,89 € (ive incluído)**

Para a fixación do orzamento de licitación tívose en conta os últimos prezos do contrato tramitado pola Alcaldía (18910-101), cunha porcentaxe de incremento do prezo do material (ouro) do 17% para 2023 e mais o IPC do mes de setembro de 2023 do 3,5%, segundo se detalla no punto 2.1 da memoria económica.

➤ Valor estimado do contrato.

O valor estimado do contrato ascende a **19.935,80 €** (unha anualidade máis 1 ano de prorrogación sen iva). No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

➤ Anualidades.

- Primeira e única anualidade: do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2024 por un total de por un importe total de **12.061,16 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **2.093,26 €**

- Primeira e única prórroga: do 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2025 por un total de por un importe total de **12.061,16 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **2.093,26 €**

➤ Prezo do contrato.

O prezo do contrato será o que resulte da adjudicación do contrato e incluírá, como partida independente o iva. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

II.5.- Prazo de execución e prórroga.

➤ Prazo de execución.

Dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución.

➤ Prórroga:

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións por 1 ano. En consecuencia a duración máxima do contrato será de 24 meses. En calquera caso, a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada

II.6.- Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

O único criterio de adjudicación será a do prezo do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

II.7.- Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

II.8.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.9.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado cos traballos de ourivería.

II.10.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.11.- Responsable do contrato

A responsable do Contrato será a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía.

II.12.- Condicións especiais de execución.

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

➤ De carácter medioambiental: Recollida selectiva de residuos; uso de produtos e recursos que contén con factores como o ciclo de vida e pegada ecolóxica; implantación na xestión empresarial de valores e a protección medioambiental.

II.13.-Solvencia.

- Solvencia económica e financeira:

- Volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 70% do valor estimado do lote correspondente.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

Empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos): consideraranse con solvencia económica:

- Aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 50% do valor estimado do lote correspondente.
Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.
- Cando o licitador non poida presentar as contas anuais por unha razón xustificada que poida acreditar, poderán presentar un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao 50% do valor estimado do lote correspondente.

- Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais subministros, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros por importe igual ou superior ao 70% do lote correspondente.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Para as empresas de nova creación: poderá acreditarse por algún dos medios previstos nas letras b) a g) do apartado 1 do artigo 89 da LCSP.

II.14.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

II.15.- Lugar de entrega

O lugar de entrega das medallas será o Concello de Vigo.

II.16.- Data prevista para o inicio do contrato

A data prevista de inicio é 1 de xaneiro de 2024.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o subministro dos galardóns honoríficos institucionais “Medalla de Ouro da Cidade de Vigo” e da Distinción honorífica “medalla de honra Cidade de Vigo”.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da departamento administrativo da Alcaldía e asinado con data 20 de decembro de 2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 19 de xaneiro de 2024.

Cuarto.- Autorizar un gasto con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación correspondente ao exercicio 2024, polo importe máximo de base á negociación por un total de **12.061,16 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de ive **2.093,26 €** e o valor estimado do contrato por importe de **19.935,80 €** (1 ano máis 1 ano de prorroga sen ive).

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(61).-ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO-HOGAR S.JOSÉ" PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL "LA ESPERANZA" E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2022-2025). EXPTE. 261980/301.

Visto o informe de fiscalización de data 05/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 29/01/2024, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa "Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José", entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social "La Esperanza", que ofrece, ademais de comedor a mediodía, servizo de duchas e un roupeiro para homes e mulleres.

I.3. O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións mínimamente dignas, sendo complementario dos recursos e programas propios dos servizos sociais municipais.

I.4. O 16.05.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ" PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL "LA ESPERANZA" E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 05.05.2022 (Exp. nº 233139/301).

I.5. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» unha subvención para cada un dos exercicios de (2022-2025) por importe máximo de 54.750€/ano; en total, polo periodo de vixencia do convenio: 219.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase a aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – "FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ". As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Fundación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1€/menú; o que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais...».

I.6. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ”, un importe de 80.000€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

I.7. Con ese incremento da contía da subvención (+25.250€) preténdese facer fronte, alomenos parcialmente, ó incremento experimentado polo prezo dos alimentos e a enerxía durante os últimos anos.

I.8. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda ó Convenio de colaboración coa “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José”, que afecta exclusivamente á súa Estipulación Terceira.

I.9. De acordo co previsto na súa Estipulación Décimo primeira: «*Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda*».

I.10. Tal como se recollía expresamente na proposta de Convenio coa “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José” aprobada pola XGL o 05.05.2022, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.11. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.12. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 05.05.2022.

I.13. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coas Resolucións do 20.06.2023 (Apdo. Primeiro, Pto. j)) e do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

I.14. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. j); BOPPO n.º 124, do 28.06.2023 e Base n.º 40.2).

I.15. O preceptivo informe xurídico (Base n.º 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2022 – 2025)», co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 180.000 (CENTO OITENTA MIL EUROS) para os exercicios de 2024 e 2025. O gasto correspondente a 2024, que é de 80.000€, imputarase á aplicación orzamentaria n.º 2310.489.00.05 (“FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ”). A achega correspondente ó exercicio de 2025



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

(outros 80.000€) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2022 – 2025)»

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D^a Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D^a M^a del Carmen Cornejo-Molíns González, con DNI n^o 35.997.870-H, Presidenta do Patronato da “Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José”, con enderezo para os efectos de notificación na rúa S. Francisco n^o 69 de Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

D^a M^a del Carmen Cornejo-Molíns González, actuando en representación da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» (CIF G-36626174), segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. O 16.05.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 05.05.2022 (Exp. nº 233139/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» para o sostemento do comedor social “Comedor de la Esperanza” situado na rúa S. Francisco nº 69, que conta cunha unidade de hixiene asociada.

III. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» unha subvención para cada un dos exercicios de (2022-2025) por importe máximo de 54.750€/ano; en total, polo periodo de vixencia do convenio: 219.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase a aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Fundación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1€/menú; o que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais...».

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ”, un importe de 80.000€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Décimo primeira: «Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda».



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Terceira do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2022 – 2025)», que quedará coa seguinte redacción:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” unha subvención para os exercicios de 2024 e 2025 por importe total de 160.000€ (80.000€/ano). O gasto para o exercicio de 2024 (80.000€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ”. A achega prevista para o exercicio de 2025 (último ano de vixencia do Convenio), outros 80.000€, estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Fundación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1,5€/menú; o que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais...».

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Quinta do Convenio subscrito en 2022 entre a *Concellería de Política de Benestar Social* e a «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José», pagándose o 50% (40.000€) logo da asinatura da Addenda e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do anterior e o 50% restante (40.000€) unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro do correspondente exercicio. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

5(62).-ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2022-2025). EXPTE. 262189/301.

Visto o informe de fiscalización de data 02/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2024, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. A «Asociación VIDA DIGNA» é unha organización sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra (nº 2001/005526-1), no RUEPSS (E-5716) e no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo (nº 01119-10), que ten como obxectivo a atención integral ás persoas en estado de necesidade, facilitándolles a axuda necesaria para satisfacer as súas necesidades materiais, formativas, psicolóxicas, administrativas e ocupacionais.

I.3. Entre os seus proxectos e programas de asistencia, desenvolve unha actividade de apoio con alimentos básicos a familias en situación de risco ou exclusión social e, ademais, xestiona un comedor social de fin de semana, proporcionando ás persoas usuarias alimentación todos os sábados e domingos do ano, complementando deste xeito ós outros servizos de comedor da cidade como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

I.4. O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións mínimamente dignas, sendo complementario dos recursos e programas propios dos servizos sociais municipais.

I.5. O 16.06.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 09.06.2022 (Exp. nº 234258/301).

I.6. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación VIDA DIGNA» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 45.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 180.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase á aplicación nº 2310.489.00.12 – “Convenio Vida digna”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais».



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

I.7. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.12 – “*CONVENIO VIDA DIGNA*”, un importe de 51.435,00 €, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

I.8. Con ese incremento da contía da subvención (+6.435,00€) preténdese facer fronte, alomenos parcialmente, ó incremento experimentado polo prezo dos alimentos e a enerxía durante os últimos anos.

I.9. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda ó Convenio de colaboración coa «Asociación VIDA DIGNA», que afecta exclusivamente á súa Estipulación Terceira.

I.10. De acordo co previsto na súa Estipulación Décimo segunda: «*Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda*».

I.11. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.12. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.13. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 09.06.2022.

I.14. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coas Resolucións do 20.06.2023 (Apdo. Primeiro, Pto. j) e do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

I.15. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBR e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. j]; BOPPO nº 124, do 28.06.2023 e Base nº 40.2).

I.16. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2022 – 2025)», co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 102.870 (CENTO DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA EUROS) para os exercicios de 2024 e 2025. O gasto correspondente a 2024, que é de 51.435,00€, imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.12 – “CONVENIO VIDA DIGNA”. A achega correspondente ó exercicio de 2025 (outros 51.435,00€) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2022 – 2025)»

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D^a Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Ricardo Misa Díaz, con DNI nº 76.990.621-F, Presidente da «Asociación VIDA DIGNA», CIF nº G-36884708, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Brasil nº 54, baixo, de Vigo (CP 36204).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

D. Ricardo Misa Díaz, actuando en representación da «Asociación VIDA DIGNA», segundo así resulta dos seus estatutos e da certificación da Secretaria da Asociación de data 05.04.2022 achegada ó expediente nº 234257/301, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As/os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. O 16.06.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU

RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 09.06.2022 (Exp. nº 234258/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación VIDA DIGNA», que se comprometeu a prestar atención ás persoas en situación de emerxencia ou risco de exclusión social cun servizo de comedor social os fins de semana e festivos durante todo o ano.

III. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación VIDA DIGNA» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 45.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 180.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase á aplicación nº 2310.489.00.12 – “Convenio Vida digna”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais».

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.12 – “CONVENIO VIDA DIGNA”, un importe de 51.435,00 €, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Décimo Segunda: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda».*

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Terceira do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2022 – 2025)», que quedará coa seguinte redacción:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación VIDA DIGNA» unha subvención para os exercicios de 2024 e 2025 por importe total de 102.870€ (51.435€/ano). O gasto para o exercicio de 2024 (51.435€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.12 – “CONVENIO VIDA DIGNA”. A achega prevista para o exercicio de 2025 (último ano de vixencia do Convenio), outros 51.435€, estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais».

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Quinta do Convenio subscrito en 2022 entre a Concellería de Política de Benestar Social e a «Asociación VIDA



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

DIGNA», pagándose o 50% (25.717,50€) logo da asinatura da Addenda e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do anterior e o 50% restante (25.717,50€) unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro do correspondente exercicio. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

6(63).-DECLARAR DESERTOS OS LOTES 3, 4 E 5 DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE AGASALLOS E PLACAS CONMEMORATIVAS PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.19840/101.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 1 de febreiro de 2024, que di o seguinte:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CARLOS FERNANDEZ POL (Lotes 1 e 2)
2. EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1)

Polo que respecta aos lotes 3, 4 e 5, a secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro

Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 30 de xaneiro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101).

Segundo.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 1 de febreiro de 2024, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento para o lote 3: “Placas conmemorativas de bronce para colocación en espazos exteriores”, o lote 4: “Placas conmemorativas en aceiro inoxidable para colocación en espazos interiores e exteriores” e o lote 5 “Métopa sobre metacrilato con escudo de Vigo feito de porcelana ou calquera outro material para entrega en actos institucionais” segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 31 de xaneiro de 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non hai licitadores presentados no lote 3: “Placas conmemorativas de bronce para colocación en espazos exteriores”, no lote 4: “Placas conmemorativas en aceiro inoxidable para colocación en espazos interiores e exteriores” e no lote 5



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

“Métopa sobre metacrilato con escudo de Vigo feito de porcelana ou calquera outro material para entrega en actos institucionais” deste procedemento, procede declarar desertos os mesmos.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) - Lote 3: “Placas conmemorativas de bronce para colocación en espazos exteriores”, Lote 4: “Placas conmemorativas en aceiro inoxidable para colocación en espazos interiores e exteriores” e Lote 5 “Métopa sobre metacrilato con escudo de Vigo feito de porcelana ou calquera outro material para entrega en actos institucionais” por non terse presentado ningún licitador en ningún deles tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(64).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA A MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS. EXPTE.1641/441.

Visto o informe de fiscalización do 02/02/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 1 de febreiro de 2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do “SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA A MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe do servizo de Deportes en data 21.07.2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 24.07.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de OITENTA E CATRO MIL CENTO DEZAOITO EUROS con CINCUENTA CÉNTIMOS (84.118,50 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 14.599,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.6320015 (INVEST. PISCINA TEIS), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	84.118,50
------	-----------

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 15 de xaneiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ARGENIA INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non cumprir os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais o 29 de decembro de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441), na seguinte orde descendente:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

Orde	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE	79,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE, o día 16 de xaneiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 24 de xaneiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos sociais nos que figura o administrador único.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incurso en prohibición en contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (48.663,59 €), presenta as contas de 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (58.882,95 €), presenta facturas con suxeitos privados e públicos. Tendo en conta, unicamente, as facturas con suxeitos privados do ano 2023 o importe total, das mesmas, supera a cantidade citada.
- Para a constitución da garantía, presenta xustificante de transferencia por un importe de 3.410,62 €, que cobren a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente certificado da Tesourería do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 1 de febreiro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e,

sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 28 de novembro de 2023 e 8 de xaneiro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión deste procedemento de ARGENIA INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non cumprir os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais o 29 de decembro de 2023.*
2. *Adxudicar a REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441) cun prezo total do contrato de*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

82.537,04 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.324,61 € euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(65).-PRÓRROGA DO “CONVENIO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E ATENCIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS DE A MADROA”. EXPTE. 14995/306.

Visto o informe de fiscalización de data 30/01/2024, dáse conta do informe-proposta do 26/01/2024, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Medio Ambientes, a concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Don Andrés Ángel León Davila, provisto do DNI 36.090.504-P, actuando en calidade de presidente da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, inscrita no Rexistro Administrativo de Asociacións co número 1966/000058-1 (PO), CIF nº G-36.638.955, en virtude das atribucións conferidas no artigo 30.2. dos seus Estatutos, presentou no Rexistro do Concello de Vigo (DOC. nº 240026180), solicitude de prórroga do vixente “*convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro municipal de recollida de animais abandonados de A Madroa*”.

Para a resolución da seguinte petición considéranse relevantes os seguintes

I.- ANTECEDENTES/FEITOS

I.1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 19 de febreiro de 2021, aprobou o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro municipal de recollida de animais abandonados de A Madroa (expte. 14995/306)”.

I.2.- O convenio formalizouse en documento administrativo en data do 23 de febreiro de 2021 e entrou en vigor o 1 de marzo de 2021.

I.3.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 23 de xuño de 2023, aprobou a adenda de modificación do “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro municipal de recollida de animais abandonados de A Madroa”. A mencionada adenda entrou en vigor o 01/07/2023.

I.4.- Dito convenio ten por finalidade, fundamentalmente, a colaboración na prestación dos servizos necesarios por parte da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo (en adiante, APAPV), para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais – cans e gatos - abandonados, vagabundos, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos hixiénico-sanitarios destas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e da concellería delegada competente.

O Concello achega á APAPV unha cantidade mensual, a partir da entrada en vigor da adenda de modificación do convenio, de 11.775,00 euros.

I.5.- A cláusula segunda do convenio establece que *“O prazo de vixencia deste convenio será de tres (3) anos, sendo prorrogable polo período máximo de un (1) ano, por acordo expreso do órgano municipal competente para a súa aprobación, trala conformidade da APAPV. O convenio entrará en vigor o día un de marzo do ano dous mil vinte e un”*.

O convenio asinouse en data do 23/02/2021 e entrou en vigor o 1/03/2021, tendo vixencia ata o día 29/02/2024, e existindo a posibilidade da súa prórroga por un ano máis, é dicir, do 1/03/2024 ata o 28/02/2025.

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 31 de marzo de 2023, acordou iniciar o procedemento administrativo maior para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais competencia municipal e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente proceda de conformidade coa citada norma (expte. 16565/306). Dito contrato está en tramitación, redacción de Prego de Prescricións Técnicas Particulares, Memoria Económica e Memoria xustificativa.

O Servizo Municipal de Medio Ambiente ó prever a imposibilidade de que o contrato maior se inicie para a data de extinción do convenio (29/02/2024), e sendo obrigatoria e necesaria a xestión centro municipal de recollida de animais abandonados, solicitou á APAPV a conformidade para a prórroga do convenio polo prazo máximo dun ano ou polo prazo inferior que resulte do inicio da vixencia do contrato maior, data na que se extinguirá o convenio.

Segundo consta no presente expediente de convenio de colaboración (DOC. nº 240026180) o presidente da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo mostrou a súa conformidade en prorrogar o mencionado convenio de colaboración desde o 1/03/2024 ata a data de inicio do contrato maior (expte 16565/306), actualmente en tramitación, ou, en todo caso, ata o 28/02/2025 se a data de inicio do mencionado contrato non se produce con anterioridade a esta data.

I.6.- A APAPV cumpriu de forma axeitada coas obrigas establecidas no convenio durante o período que levamos de vixencia deste, sen incidencias significativas, polo que non se observa impedimento neste sentido para a prórroga do convenio por un ano máis ou inferior que resulte do inicio de vixencia do contrato maior.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

O Departamento de Medio Ambiente segue sen dispor de persoal para atender o Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados de A Madroa, nin das demais accións que ven desenvolvemento a APAPV en virtude do vixente convenio, polo que segue sendo preciso a colaboración externa.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

II.1. Competencia municipal na materia obxecto do convenio: xustificación.

A actuación municipal nesta materia viría expresamente amparada polo disposto nos Artigos 2.1 e 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRRL), en relación co artigo 22 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, o cal establece como obriga municipal a recollida e acollemento dos animais vagabundos e extraviados nos seguintes termos «1.- Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei». O apartado primeiro do artigo 6 do mesmo texto legal preceptúa que atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación da devandita lei en cadanseu termo municipal.

En termos semellantes se pronuncian os artigos 22, 38 e 39 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais (BOE 29/03/2023, entrada en vigor o 29/09/2023).

A formalización desta clase específica de convenios e a prórroga dos mesmos conta co respaldo legal explícito na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, a cal inclúe no Capítulo VI do seu Título Preliminar (artigos 47 a 53) unha regulación pormenorizada dos convenios, abordando a súa definición, a tipoloxía, os requisitos de validez, o contido mínimo de que deben dispoñer, a duración, a extinción e os efectos da resolución.

Polo que se refire a normativa sectorial aplicable, o artigo 22.2 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, faculta ás administracións locais para concertar esta clase de convenios de colaboración ou cooperación coas asociacións protectoras de animais.

II.2.- Prórroga do convenio.

II.2.1.- Con carácter xeral para todos os convenios, o apartado segundo do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, de carácter básico, recolle a posibilidade legal de prórroga dos mesmos.

II.2.2.- Nos antecedentes deste informe queda xustificado o interese público, conveniencia e oportunidade da prórroga do convenio tendo en consideración a insuficiencia de medios

humanos municipais para atender o refuxio e demais accións que ven desenvolvendo a APAPV segundo o convenio, como a correcta xestión que dita asociación ben desenvolvendo no refuxio de animais.

II.2.3.- A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes desde a súa formalización e tendo en conta a adenda de modificación deste aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 23 de xuño de 2023.

II.3.- Antes da súa aprobación polo órgano competente, deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta do artigo 214 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado pola prórroga.

II.4.- A competencia para aprobar a prórroga deste convenio correspóndelle á Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido no artigo 127 da LRBRL.

III.- Proposta de acordo.

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, logo do informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa polo prazo máximo dun ano (dende o 01/03/2024 ata 28/02/2025), ou ata o día anterior de inicio de vixencia do contrato maior en tramitación (expediente 16565/306), se este prazo fose inferior ó ano, o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro municipal de recollida de animais abandonados de A Madroa (expte. 14995/306)”, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 19.02.2021, asinado polas partes o 23.02.2021, entrada en vigor 01.03.2021; modificado pola adenda aprobada pola Xunta de Goberno Local sesión ordinaria do 23.06.2023, asinada en data 26.06.2023, entrada en vigor 01.07.2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe máximo de 141.300 euros para ano de prórroga do convenio, período 1 de marzo de 2024 ata o 28 de febreiro de 2025, correspondendo 117.750 euros para o ano 2024 e 23.550 euros para o ano 2025; pagadoiros a razón de 11.775 euros mensuais, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria 1721.227.99.07 “*Prestación servizos na caneira municipal*”.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, informándolle que contra este, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 123 e 124 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

Administración Públicas ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, consonte ao disposto nos artigos 46-1) e 4) da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2) da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o dito recurso polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24-1) da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido nos artigos 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

CUARTO.- Dar publicidade ao presente acordo mediante a súa publicación no Portal de Transparencia, nos termos sinalados na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(66).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING”: LOTE 1 E LOTE 2. EXPTE. 14613/445.

A) PRORROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING: LOTE 1.

Visto o informe xurídico de data 23/01/2024 e o informe de fiscalización de data 30/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/24, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, a técnica de Xestión, o xefe de Área de Inversións e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2021, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a AUTOS BREA SL. (B15015985) o “Subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting)” correspondente o lote nº1 do procedemento aberto para a contratación do “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting”, expediente 14613/445, por un prezo total de 25.080,00 euros IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.352,73 euros.

Segundo.- O prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente no apartado 16.H das FEC, que a recepción dos

vehículos formalizárase por escrito, nun acta de entrega, comezando a computarse desde ese momento o prazo de 24 meses do arrendamento. Asemade contemplase a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Nembargantes o contrato formalizado en documento administrativo en data 16/02/2022, indica na súa Cláusula cuarta, que o prazo do contrato será de dous anos contados a partir do 10 de marzo do 2022.

Advertida esta discrepancia, e atendendo a cláusula 2.2 de devandito PCAP, que establece a orde de prelación dos documentos con carácter contractual, o prazo de 24 meses computarase dende a recepción dos vehículos.

Terceiro.- En data 18 de marzo, asínase acta de entrega do vehículo correspondente o lote nº1 (tte. 562 do expediente dixital). En consecuencia, o prazo do contrato será de dous anos a computar dende dita data e finalizará o vindeiro 17 de marzo de 2024.

Asemade, emítase documento contable AD nº 202200079326 por importe de 9.843,82 €, polo período comprendido entre o 18 de marzo de 2022 e 31 de decembro de 2022 (tte. 565 do expediente dixital) e AD FUT nº 202200079328 por importe de 15.236,18 € polo período restante do contrato e ata o vindeiro 17 de marzo de 2024 (tte. 567.do expediente dixital).

Cuarto.- En data 4 de setembro de 2023, notificase ao adxudicatario AUTOS BREA SL. (B15015985) o preaviso da prórroga do contrato de “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting” polo período dun ano, a partir da finalización do mesmo, a tenor do disposto no artigo 29.2 da LCSP.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de unha prórroga, dun ano de duración.

Terceiro.- Considérase conveniente polo técnico que subscribe a proposición da 1ª prórroga do “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting” lote nº1 do contrato “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting”, expediente 14613/445, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 18/03/2024 ao 17/03/2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de DOCE MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROS (12.540,00 euros) IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.176,36 €.

Sexto.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 9202.2040000 “arrendamentos de material de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 18/03/2024 ata o 31/12/2024	9202.2040000	9.843,82 €
Do 01/01/2025 ata o 17/03/2025	9202.2040000	2.696,18 €
	TOTAL	12.540,00 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración do contrato de “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting” lote nº1, expediente 14613/445, formalizado coa entidade mercantil AUTOS BREA, S.L. (B-15.015.985), por un período comprendido entre 18/03/2024 ao 17/03/2025

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato de “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting” lote nº1, expediente 14613/445, en favor da entidade mercantil AUTOS BREA, S.L. (B-15.015.985) por importe de DOCE MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROS (12.540,00 euros) IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.176,36 € imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9202.2040000 “arrendamentos de material de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
---------	-------------------------	---------

Do 18/03/2024 ata o 31/12/2024	9202.2040000	9.843,82 €
Do 01/01/2025 ata o 17/03/2025	9202.2040000	2.696,18 €
	TOTAL	12.540,00 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria AUTOS BREA, S.L. (B-15.015.985) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) PRORROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING: LOTE 2.

Visto o informe xurídico de data 23/01/2024 e o informe de fiscalización de data 30/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/24, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, a técnica de Xestión, o xefe de Área de Inversións e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2021, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a AUTOS BREA SL. (B15015985) o “Subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting)” correspondente o lote nº2 do procedemento aberto para a contratación do “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting”, expediente 14.613/445, por un prezo total de 33.060,00 euros IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.737,69 euros.

Segundo.- O prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente no apartado 16.H das FEC, que a recepción dos vehículos formalizárase por escrito, nun acta de entrega, comezando a computarse desde ese momento o prazo de 24 meses do arrendamento. Asemade contemplábase a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

Nembargantes o contrato formalizado en documento administrativo en data 16/02/2022, indica na súa Cláusula cuarta, que o prazo do contrato será de dous anos contados a partir do 10 de marzo do 2022.

Advertida esta discrepancia, e atendendo a cláusula 2.2 de devandito PCAP, que establece a orde de prelación dos documentos con carácter contractual, o prazo de 24 meses computarase dende a recepción dos vehículos.

Terceiro.- En data 31 de maio asínase acta de entrega dos vehículos correspondente o lote nº2 (ttes. 560 e 561 do expediente dixital). En consecuencia, o prazo do contrato será de dous anos a computar dende dita data e finalizará o vindeiro 30 de maio de 2024.

Asemade, emítase documento contable AD nº 202200079327 por importe de 9.642,50 €, polo período comprendido entre o 31 de maio de 2022 e ata o 31 de decembro de 2022 (tte. 566 do expediente dixital) e AD FUT nº 202200079329 por importe de 23.417,50 € polo período restante do contrato e ata o vindeiro 30 de maio de 2024 (tte. 568 do expediente dixital).

Cuarto.- En data 4 de setembro de 2023, notificase ao adxudicatario AUTOS BREA SL. (B15015985) o preaviso da prórroga do contrato de "Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting" polo período dun ano, a partir da finalización do mesmo, a tenor do disposto no artigo 29.2 da LCSP.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de unha prórroga, dun ano de duración.

Terceiro.- Considérase conveniente polo técnico que subscribe a proposición da 1ª prórroga do “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting” lote nº2 do contrato “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting”, expediente 14613/445, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 31/05/2024 ao 30/05/2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de DEZA SEIS MIL CINCOCENTOS TRINTA EUROS (16.530,00 euros) IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.868,84 €.

Sexto.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 9202.2040000 “arrendamentos de material de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 31/05/2024 ata o 31/12/2024	9202.2040000	9.642,50 €
Do 01/01/2025 ata o 30/05/2025	9202.2040000	6.887,50 €
	TOTAL	16.530,00 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración do contrato de “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting” lote nº2, expediente 14613/445, formalizado coa entidade mercantil AUTOS BREA, S.L. (B-15.015.985), por un período comprendido entre 31/05/2024 ao 30/05/2025

Segundo.- Autorizar o gasto estimado do contrato de “Subministro de tres vehículos para o Concello de Vigo, mediante a modalidade de renting” lote nº2, expediente 146.13/445, en favor da entidade mercantil AUTOS BREA, S.L. (B-15.015.985) por importe de DEZA SEIS MIL CINCOCENTOS TRINTA EUROS (16.530,00 euros) IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.868,84 € imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9202.2040000 “arrendamentos de material de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 31/05/2024 ata o 31/12/2024	9202.2040000	9.642,50 €
Do 01/01/2025 ata o 30/05/2025	9202.2040000	6.887,50 €
	TOTAL	16.530,00 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria AUTOS BREA, S.L. (B-15.015.985) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(67).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO X PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA. EXPTE. 11774/307.

Visto o informe de fiscalización de data 01/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 30/01/2024, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 29 de setembro de 2023, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o X PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, coa finalidade de “contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...”

A concelleira de Patrimonio Histórico resolveu contratar (exp. 11716-307) ao arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez a redacción do proxecto que servirá de base para a contratación do desenvolvemento do X Programa de medianeiras, no que se estima orzamentariamente o

custe do acondicionamento de cada espazo; a valoración económica das actuacións previas á intervención dos artistas; a estimación dos medios auxiliares para as actuacións; cálculo e valoración do material a empregar por cada artista; así como aqueles elementos necesarios para iniciar o proceso licitador encamiñado á contratación das diferentes actuacións para ao pintado dos espazos obxecto do programa.

Os gastos de execución de dito proxecto detraeranse da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS, do orzamento municipal para o ano 2024, e segundo delegación do alcalde de 30/06/2023 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, a Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística conta entre as súas competencias “a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana”.

Por outra banda, acompáñase ao expediente o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras de 29/01/2024.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar pola oficinas de supervisión de proxectos e Patrimonio municipal especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe técnico, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Específicamente consta dos documentos que o artigo 233.1 LCSP esixe para a súa aprobación:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

- b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.
- c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e regularase a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.
- d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. O orzamento ordenarase por obras elementais, nos termos que regulamentariamente establézanse.
- e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo.
- f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o reformulo da obra.
- g) O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.
- h) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

– APROBAR O PROXECTO DO X PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, redactado polo arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA MIL SESENTA EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (180.060,65 EUROS) e data xaneiro do 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(68).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN DOS CENTROS ADSCRITOS Á REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 3513/341.

Visto o informe xurídico de data 31/01/2024 e o informe de fiscalización de data 31/01/2024, dáse conta do informe-proposta do 18/01/2024 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 9 de novembro de 2023.
- Memoria económica de data 12 de xaneiro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificados de retención de crédito de data 16 de xaneiro de 2024 (operacións nº 202400004640 e 202400004642).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 12 de xaneiro de 2024, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 12 de xaneiro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 12 de xaneiro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Informe, de data 18 de xaneiro de 2024, da técnica de administración xeral e maila xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 18 de xaneiro de 2024, redactado pola técnica de administración xeral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Area, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística asinou con data 9 de novembro de 2023 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación dos servizos de mantementos preventivos e correctivos das instalacións de climatización e calefacción en centros adscritos á Rede de Museos Municipais.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto. Polo seu valor estimado pode tramitarse como un procedemento aberto simplificado (artigo 159 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Ao tratarse dun procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada non se require a acreditación de solvencia (artigo 159.6 da LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 16 de xaneiro de 2024.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO:**

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, dos servizos de mantementos preventivos e correctivos das instalacións de climatización e calefacción en centros adscritos á Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescripci3ns t3cnicas que rexer3 a citada contrataci3n, de data 12 de xaneiro de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xesti3n e Promoci3n Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cl3usulas administrativas particulares que rexer3 a citada contrataci3n, de data 18 de xaneiro de 2024, redactado pola t3cnica de administraci3n xeral.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **35.514,47 € €**, co **IVE incluído (29.350,80 €**, sen IVE, m3ais **6.163,67 € correspondentes de IVE)**, con cargo 3 aplicaci3n orzamentaria 3330.227.99.11“Mantemento sistemas climatizaci3n”, seg3n o seguinte:

2024 (8 meses: maio-decembro)	2025 (12 meses: xaneiro-decembro)	2026 (4 meses: xaneiro-abril)
11.838,16 €	17.757,23 €	5.919,08 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contrataci3n conforme ao previsto na lexislaci3n vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(69).- DAR CONTA DA TRAMITACI3N DO EXPEDIENTE “RENOVACI3N DA REDE DE ABASTECIMENTO DA R3A DO ENCI3O E NA R3A FREIXO”- PLAN DE INVERSI3NS DE AQUALIA. EXPTE. 1402/441.

D3ase conta do informe-proposta de data 30/01/2024 asinado pola t3cnica de Xesti3n e Xefa do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xur3dico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da 3rea de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesi3n de 30 de decembro de 2020, acordou a pr3rroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da conces3n administrativa da “Xesti3n Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporaci3n Municipal o 25/10/1990, 3 U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo 3s condici3ns econ3mico-administrativas establecidas na cl3usula primeira do contrato.

II.- A devandita prrroga do contrato de conces3n do servizo de «Xesti3n Integral do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 24.11.23 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA RÚA DO ENCIÑO E NA RÚA FREIXO**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos D^a Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación antes de IVE de CATROCENTOS MIL CATROCENTOS CINCOENTA E SETE EUROS CON COARENTA E OITO CÉNTIMOS (400.457,48 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 20/10/2023

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA RÚA DO ENCIÑO E NA RÚA FREIXO**”, por un importe de 16.809,12 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	6.730,38 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	6.730,38 €
Coordinación de seguridade e saúde	Ruth Caballeira Martín (CIES ATLANTICO)	1.682,59 €
	SUMA	15.143,35 €
	11% Gastos de Xestión	1.665,77 €
	TOTAL (IVE excluído)	16.809,12 €

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D. Jorge Muñoz Rama , Xefe da Unidade Técnica de implantación de servizos na vía Pública e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

IV.- Con data 26 de xaneiro de 2023 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código del proxecto: Exp 1402/441
- Nombre y razón social del adjudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495.
- Presupuesto de execución material: 336.518,89 €
- Presupuesto de contrata: 400.457,48 € (antes de IVA)
- Plazo de execución: 5 meses

- Fecha de inicio de la obra: al día siguiente de la firma del acta de replanteo.
- Clasificación del contratista.
 - Grupo E, Subgrupo 1, categoría 2
 - Grupo G, Subgrupo 6, categoría 2
- Plazo de garantía: 2 años
- Asistencia técnica: GALAICONTROL
- Coordinación de Seguridad y Salud: Ruth Carballería Martín (CIES ATLANTICO)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente **RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA RÚA DO ENCIÑO E NA RÚA FREIXO**”, cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- Código del proyecto: Exp 1402/441
- Nombre y razón social del adjudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495.
- Presupuesto de ejecución material: 336.518,89 €
- Presupuesto de contrata: 400.457,48 € (antes de IVA)
- Plazo de ejecución: 5 meses
- Fecha de inicio de la obra: al día siguiente de la firma del acta de replanteo.
- Clasificación del contratista.
 - Grupo E, Subgrupo 1, categoría 2
 - Grupo G, Subgrupo 6, categoría 2
- Plazo de garantía: 2 años
- Asistencia técnica: GALAICONTROL
- Coordinación de Seguridad y Salud: Ruth Carballería Martín (CIES ATLANTICO)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local

do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(70).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO “MELLORA DO SANEAMENTO DA RÚA SABAXÁNS”. EXPTE. 1881/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 02/02/2024 asinado pola técnica de Xestión e Xefa do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 1 de febreiro de 2024 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“MELLORA DO SANEAMENTO DA RÚA SABAXÁNS”** O devandito informe indica o seguinte:

A rede de saneamento da rúa Sabaxáns, en Lavadores, sofre problemas de capacidade. Estes problemas teñen a súa orixe en que a esta rede (de diámetro 300 mm) están conectadas as augas pluviais que proveñen da rúa Manuel Álvarez (tubaxe de diámetro 500 mm).

Como consecuencia, prodúcense desbordes do colector coincidindo con episodios de fortes precipitacións, producindo molestias aos veciños da rúa Sabaxáns e Camiño Bouzaboa.

Resulta necesario unha mellora da rede de saneamento na rúa Sabaxáns, de xeito que se deseñe unha rede con capacidade suficiente para a recollida das augas pluviais e fecais, evitando desbordes e as consecuentes molestias aos veciños e problemas ambientais.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “Mellora do saneamento na rúa Sabaxáns” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.

V.- A vista deste informe, con data 1 de febreiro de 2024 o Concelleiro da Area de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente **“MELLORA DO SANEAMENTO DA RÚA SABAXÁNS”**.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do **“MELLORA DO SANEAMENTO DA RÚA SABAXÁNS”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras para uso do Concello de Vigo. Expte. 145/221.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

14(71).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PAPEL DE FOTOCOPIADORA E IMPRESORAS PARA USO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 145/221.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 06/02/2024 e o informe de fiscalización do 06/02/2024, dáse conta do informe-proposta do 05/02/2024, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Mediante decreto de delegación de competencias do Alcalde nos Concelleiros de 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023, se atribúe á Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a competencia para dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.

O papel para fotocopiadora e impresora é unha das necesidades para realizar as labores de xestión que teñen encomendados os distintos servizos do Concello de Vigo en exercicio das competencias previstas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local polo que, con dito contrato



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

satisfaise dita necesidade así como a racionalización do gasto e que se leve un maior control e unha mellora na súa xestión.

O uso de papel de impresión e fotocopiado faise necesario nas diferentes dependencias administrativas do Concello de Vigo, tanto para uso interno como para facer chegar os cidadáns comunicacións ou notificacións por vía postal. Faise constar que neste intre o almacén municipal carece de stock de papel

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

-Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado en data 24 de xaneiro de 2024 pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024) e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, asinado da mesma data.

-Memoria económica do contrato asinada en data 24 de xaneiro de 2024 pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024) e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal asinada na mesma data.

-Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 26 de xaneiro de 2024 redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024).

-Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 26 de xaneiro de 2024.

-Memoria xustificativa asinada con data 31 de xaneiro de 2024 pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía, (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024) e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal asinada na mesma data.

-Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e asinado con data 2 de febreiro de 2024.

II.- CONDICIÓN S DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato.

O presente contrato ten por obxecto o subministro de papel branco A4 e A3 apto para uso en fotocopiadoras de alta velocidade e impresoras (láser e inxección de tinta) para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo.

II.2.- Xustificación da necesidade.

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Mediante decreto de delegación de competencias do Alcalde nos Concelleiros de 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023, se atribúe á Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a competencia para dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.

O papel para fotocopiadora e impresora é unha das necesidades para realizar as labores de xestión que teñen encomendados os distintos servizos do Concello de Vigo en exercicio das competencias previstas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local polo que, con dito contrato satisfaise dita necesidade así como a racionalización do gasto e que se leve un maior control e unha mellora na súa xestión.

O uso de papel de impresión e fotocopiado faise necesario nas diferentes dependencias administrativas do Concello de Vigo, tanto para uso interno como para facer chegar os cidadáns comunicacións ou notificacións por vía postal. Faise constar que neste intre o almacén municipal carece de stock de papel.

II.3.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato e tratándose dun contrato de subministro, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través do procedemento aberto simplificado abreviado (art.159 LCSP), con o prezo como único factor determinante na adxudicación segundo se establece no artigo 145.3.f) LCSP.

Trátase dun contrato de subministro en función das necesidades da administración con orzamento máximo (disposición adicional 33ª da lcsp)

O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes: 30192700-8 Papelería; 30197630-1 Papel de impresión; 30197643-5 Papel para fotocopiadora.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

II.4.- Prezo e valor do contrato.

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

a).- Orzamento base de licitación

O orzamento máximo de licitación é de **20.069,06 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **3.483,06 €**

Prezo con iva: **20.069,06 €**

Prezo sen iva: **16.586,00 €**

Importe 21% iva: **3.483,06 €**

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando os prezos contemplados no último contrato de subministro de papel do ano 2023 (expediente 114-221).

b) Prezos unitarios papel branco A4 e A3 (iva incluído).

- Prezo unitario caixa de 5 paquetes (500 folios/paquete) papel branco A4 :21,17 €.

- Prezo unitario paquete (500 follas) A3: 10,43 €.

c).- Valor estimado do contrato:

O valor estimado do contrato ascende a **33.172,00 €** (1 anualidade máis 1 ano de prorroga sen iva). No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

II.5.- Anualidades

Anualidade: do 15 de febreiro de 2024 ao 14 de febreiro de 2025 por un total de por un importe total de **20.069,06 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **3.483,06 €**.

- Ano 2024: do 15 de febreiro ao 31 de decembro por importe de 19.069,06 € iva engadido.
- Ano 2025: do 1 de xaneiro ao 14 de febreiro por importe de 1.000,00 € iva engadido.

Primeira e única prórroga: do 15 de febreiro de 2025 ao 14 de febreiro de 2026 por un total de por un importe total de **20.069,06 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de ive **3.483,06 €**.

- Ano 2025: do 15 de febreiro ao 31 de decembro 19.069,06 € ive engadido.
- Ano 2026: do 1 de xaneiro ao 14 de febreiro 1.000,00 € ive engadido.

II.6.- Revisión de prezos.

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

II.7.- Prazo de execución e prórroga.

Do 15 de febreiro de 2024 ao 14 de febreiro de 2025. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución.

Prórroga:

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións por 1 ano. En consecuencia a duración máxima do contrato será de 24 meses. En calquera caso, a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada

II.8.- Criterios de valoración e xustificación.

Porcentaxe de desconto ofertado para os prezos unitarios recollidos no apartado 3.G destas FEC.

O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa (indicada en valor porcentual cun máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos dos materiais a subministrar.

Para valorar este criterio as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte unha maior porcentaxe de desconto dos prezos unitarios.

II.9.- Prazo de garantía. Non

II.10.- Subcontratación.

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato, conforme aos artigos 215 e 216 da LCSP.

Non se identifican tarefas críticas que non admitan subcontratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

II.11.- Modificacións do contrato

Non.

II.12.- Responsable do contrato

A responsable do Contrato será a Xefa do departamento administrativo de Alcaldía, (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024).

II.13.- Lugar de entrega

Os subministros serán depositados nos almacén municipal sito no soto 2 da casa consistorial ou no lugar que determine sempre dentro do Termo Municipal, o responsable do contrato ao realizar o pedido.

II.14.- Data prevista para o inicio do contrato

A data prevista de inicio é 15 de febreiro de 2024.

II.15.- Seguro

Procede constituír seguro específico: non

II.16.- Referencia ao réxime de pagamento

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, tras a entrega de cada subministro, previa presentación da correspondente factura con suxeición aos requisitos que establece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) GE0000575 - Servizos Económicos
- b) L01360577 - Concello de Vigo
- c) GE0000687 - Contratación

II.17.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril.

O orzamento máximo de licitación é de 20.069,06 € que podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 9200.2200002 “MATERIAL OFICINA”, do orzamento municipal de 2024.

O presente contrato está incluído na “Planificación da Contratación Municipal do ano 2024. Expediente 6940-241” da Área de Contratación e Novos proxectos.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O presente contrato está previsto que se inclúa no vindeiro “Plan anual de contratación” para o ano 2024 da Alcaldía.

II.18.- Cesión de datos ó adxudicatario e cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

II.19.- Condicións especiais de execución.

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental:

- O papel estaba fabricado con fibra virxe procedente de bosques de xestión Sostenible e estará sometido a un proceso de branqueado libre de cloro.
- Recollida selectiva de residuos; uso de produtos e recursos que contén con factores como o ciclo de vida e pegada ecolóxica; implantación na xestión empresarial de valores e a protección medioambiental.

II.20.- Resolución do contrato.

A resolución do contrato rexeráse polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da Lei 9/2017 e especificamente para o contrato de subministración e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, cos efectos previstos nos artigos 213 e 313 da mesma lei.

II.21.- Obrigas do adxudicatario:

- A entrega deberá efectuarse nun prazo máximo de 5 días hábiles a partir da comunicación do pedido polo Concello de Vigo e, se realizará no



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

interior do almacén municipal sito no soto 2 da casa consistorial ou lugar que sinale o responsable do contrato.

- O material entregado poderá ser obxecto de devolución por presentar anomalías ou deficiencias na súa recepción, deixando neste suposto constancia da causa específica que motiva o rechazo da recepción do produto. A empresa adxudicataria estará obrigada a súa retirada e á inmediata substitución polo material adecuado asumindo os custes asociados a dita devolución.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación por procedemento aberto simplificado abreviado (art.159 LCSP) para o subministro de papel de fotocopiadora e impresoras para uso do Concello de Vigo. Expediente: 145-221.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da departamento administrativo da Alcaldía (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024) asinado con data 26 de xaneiro de 2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 2 de febreiro de 2024.

Cuarto.- Autorizar un gasto polo importe máximo de licitación de 20.069,06 € iva incluído, sendo o importe correspondente ao 21% de iva 3.483,06 € con cargo á aplicación orzamentaria 9200.2200002 "MATERIAL OFICINA", do orzamento municipal para o vixente exercicio. De acordo ás seguintes anualidades:

- **1ª Anualidade:** do 15 de febreiro de 2024 ao 14 de febreiro de 2025 por un total de por un importe total de **20.069,06 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **3.483,06 €**.

- Ano 2024: do 15 de febreiro ao 31 de decembro por importe de 19.069,06 € iva engadido.

- Ano 2025: do 1 de xaneiro ao 14 de febreiro por importe de 1.000,00 € iva engadido.

➤ **Primeira e única prórroga**: do 15 de febreiro de 2025 ao 14 de febreiro de 2026 por un total de por un importe total de **20.069,06 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **3.483,06 €**.

- Ano 2025: do 15 de febreiro ao 31 de decembro por importe de 19.069,06 € iva engadido.

- Ano 2026: do 1 de xaneiro ao 14 de febreiro por importe de 1.000,00 € iva engadido.

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo ao procedemento aberto simplificado abreviado (art.159 LCSP).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(72).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1627 /1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez